

INTER  
SECCIÓN

LAB  
2021

## **INTERSECCIÓN LAB21**

### **Mesa de traballo para proxectos artísticos**

#### **Descrición.**

LAB é un lugar de encontro para persoas de diverso perfil e intereses, implicadas no desenvolvemento de proxectos artísticos, para facer unha posta en común e debater xuntas os recursos e estratexias que permitan facelos avanzar.

A dinámica colectiva centrarase en revisar aspectos da concepción dos proxectos, busca de referentes, resolución de dúbidas e toma de decisións, establecendo un diálogo que poda enriquecer e mellorar a capacidade de cada persoa para desenvolveselos.

#### **Obxectivos.**

LAB da importancia aos procesos antes que aos resultados.

Está pensado para xerar un diálogo consciente, construtivo e construído, como recurso para un posterior desenvolvemento autónomo dos proxectos.

LAB non se centra en cuestións técnicas específicas que puidesen interesar unicamente a algunha das participantes. Busca un terreo común, compartido por todas aquelas persoas que desenvolven proxectos creativos audiovisuais.

LAB atende aos aspectos comunicativos e plásticos dos proxectos (Que contar), así como ás estratexias, ferramentas e recursos que se poñen en xogo (Como contar).

LAB persegue obxectivos pensados dende a perspectiva das autoras:

- Traballar na estruturación conceptual e comunicación dos proxectos.
- Contrastar e debater ideas, criterios e solucións para mellorar e enriquecer as propostas iniciais.
- Coñecer novos recursos e referencias, compartindo coñecementos, experiencias e posicionamentos
- Recibir un feedback colectivo, tanto das compañeiras artistas como doutras axentes profesionais do sector.
- Concitar expectativas e atención para os proxectos, facilitando a súa visibilidade inicial e seguimento.

## Requisitos.

1. Ter nacido ou residir en España.
2. Ser maior de 18 anos.
3. Ter en desenvolvemento polo menos un proxecto artístico que contemple o audiovisual.
4. Enviar ao e-mail [lab@interseccion.art](mailto:lab@interseccion.art) un dossier en castelán ou galego que conteña:
  - Título do proxecto.
  - Texto explicativo cun máximo de 10 páxinas ou 1500 palabras.
  - Resumo de 50 palabras máximo.
  - Bio da artista.
  - E-mail e teléfono de contacto.
  - 3 imaxes do proxecto (opcional).
  - Enlace a teaser (opcional).
  - Enlace a web persoal (opcional).

O prazo de presentación de proxectos será do **15 de xuño ao 22 de agosto**.

## Proceso de selección.

**Contactarase coas persoas seleccionadas para notificar a súa selección.** No caso de que algunha delas descarte a súa participación ou non responda aos avisos dentro dos prazos indicados, procederase a trasladar a invitación ás persoas suplentes, na orde de prelación que se considerase ao valorar os proxectos recibidos.

## Estancia.

O festival cubrirá o aloxamento, as comidas e as cenas das participantes nos tres días de duración do obradoiro, así coma o desprazamento, cun máximo de 50€ en traxectos dentro de Galiza e de 100€ no resto de traxectos, aportando sempre os xustificantes de gasto.

## Obrigas das participantes.

- Facer constar na información da obra o seu paso por INTERSECCIÓN LAB, ben en forma de texto ou ben incorporando logotipos, según corresponda en cada caso.
- Autorizar a INTERSECCIÓN para a utilización da información referida aos seus proxectos e a súa bio, así como da súa imaxe e a dos seus proxectos, con fins publicitarios e promocionais, para a difusión da actividade e para a súa inclusión no catálogo do festival.

- Ter dispoñibilidade durante os días do festival para a realización de entrevistas destinadas á difusión da actividade e/ou ás publicacións asociadas a INTERSECCIÓN.
- Acceder a mosar a obra en INTERSECCIÓN unha vez realizada, no prazo dun ano dende a súa primeira exhibición pública, así como en actividades promocionais que organice o festival.

Entenderase que as participantes aceptan estas bases no momento en que realicen a súa solicitude.

### **Estrutura da actividade.**

O obradoiro desenvolverase dentro das datas do festival (do 26 ao 30 de outubro de 2021), en 3 sesións que terán lugar na Fundación Luís Seoane (A Coruña).

As dúas primeiras sesións adicaranse á análise e comentario dos proxectos entre as tres persoas seleccionadas e co coordinador, mentres que na terceira sesión cada unha das seleccionadas presentará o seu proxecto ante un grupo de axentes do campo do audiovisual e das artes plásticas, coas que tamén poderán entrar en diálogo.

As datas e horarios de cada sesión publicaranse na web e redes sociais de INTERSECCIÓN.

### **Bio do coordinador.**

**Enrique Lista** (Malpica, 1977) é Doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Realizou investigación académica e actividades profesionais nos ámbitos da arte, o deseño gráfico, a fotografía e a xestión cultural.

Como artista expuxo individualmente na Sala de Exposicións do Pazo Municipal de A Coruña, Fundación Luís Seoane, Zona "C", Galería Adhoc e Sala Alterarte.

Participou, entre outras, nas mostras colectivas no MAC, MARCO, Centro Torrente Ballester, CGAC, Centre Civic Sant Andreu, Casa da Parra, Auditorio de Galicia, Fundación Laxeiro e Fotobienal de Vigo.

Ten experiencia como docente universitario, asesor de proxectos artísticos e editor de libros de autor.

### **Contacto.**

lab@interseccion.art